# MUITO MÁIS QU'UN VOTO



## *Dous protagonistas das eleccióis de 1979 en Tapia*

*Esta é a foto que da orixe á entrevista. El autor é el Súcaro y nela poden verse d'esquerda a dereta: Diego Fernández, Secundina García, y el secretario del Conceyo, Primitivo Celaya, nel acto de toma de posesión el 19 de abril de 1979*

↓ Rafael Cascudo & Tania Cascudo Loza



*Empezamos aquí úa restra d'entrevistas nas que queremos achegar os perfiles de personas qu'a miudo acostumamos a ter lamar de cerca, peró que nun apreciamos todo lo ben que debéramos. A primeira entrevista sitúase nel conceyo de Tapia con úa parexa como protagonista, peró é úa parexa desparexa, como el título del obra de Manolo Galano. Trátase de Secundina García* —Secundina del Gueiteiro— *y Diego Fernández* —Diego de Servando—. *Hai cuase 28 anos tuveron xuntos presidindo a toma de posesión da primeira corporación democrática tapiega despós da dictadura franquista. Diego por ser el máis novo y Secundina polo contrario, protagonizaron aquel acto el 19 de abril de 1979, y ambos hoi, en vísporas de novas elecciόis municipales, fálannos del sou papel en democracia.*

Despós da morte del dictador Franco en 1975, el país empeza un proceso de democratización que ten como fechas clave el ano 1977, coa celebración das elecciόis xenerales, y abril de 1979, data das primeiras elecciόis municipales. Diego, número sete das listas de UCD pol Conceyo de Tapia, y Secundina, númaro dous da Agrupación d'Electores Independentes, son os guías d'este particular viaxe na hestoria. Coa naturalidá de quen nun necesita de guiόis pra falar de lo vivido, coa señardá d'un tempo nel que s'estrenaban libertades ansiadas, ambos comenzaron a charlar animadamente sobre as súas impresiόis y sobre el duro trabayo feito.



*Conocidos dende hai tempo, Secundina y Diego demostraron que por encima d'ideooxías poíticas pódese luitar por un mesmo obxetivo*

**Vamos ir al ano 1979. ¿Qué fíades por aquel entoncias?**

SECUNDINA. Pos eu trabayaba na llabranza, qu'era el meu modo de vida. Teño poucos estudios, sólo fun á escola hasta os quince anos.

DIEGO. Eu trabayaba en Comercial Casariego y recordo que me chamóu José Manuel Fraga y díxome se quería participar na candidatura d'UCD. Perguntéinye qu'en que númaro iba y díxome que nel sete. Parecéume ben porque é un númaro cabalístico estupendo.

**Secundina, ¿cómo foi el proceso pra constituir a vosa candidatura?**

SEC.: Costóunos lamar. A candidatura empezóula Sergio del Ocho de Serantes, peró como nun llevábamos siglas fía falta recoyer un número de firmas pra poder ser aceptaos. Presentámosla xusto antias de rematar el prazo, porque condo xa taba lista, rompéuse por problemas internos. Algúa xente quería qu'eu fora cabeza de lista, pero nun me vía capacitada pra ser alcaldesa y por eso fun de segunda.

**¿Cómo se vivíu aquel momento hestórico pra restablecer a democracia?**

DIE.: Foi mui emocionante. Recordo qu'el alcalde salinte, qu'era Paco Quintana, quixo fer un acto pomposo, peró dende Madrid dixeron que nun se fixesen grandes actos, así que me chamóu a min y deume as chaves del Ayuntamento.

SEC.: Foi especial, todos queríamos trabayar, porque en Tapia nun se fía nada.

**¿Qué recordades del periodo de campaña?**

DIE.: Pos acórdome dos mítines. El primeiro foi en Mántaras. Eu participéin en dous, nel Valle y en Tapia, unde pechamos a campaña. Home, nun foi brillante (risas), peró a xente pasábalo ben. Condo me tocóu falar paséin muita vergonza, porque además, daquela, nun había costume de falar en público. Lo importante era que falábamos con humildá, porque sabíamos que nun íbamos poder executar grandes cousas pola falta de cuartos.

SEC.: Eu participéin en mítines y pasábalo mal tamén porque me poñía mui nerviosa.

**Y a noite electoral, ¿cómo foi?**

DIE.: Pos eu esa noite taba en Veiga. Al outro día chamóume Fraga y díxome qu'éramos conceyales.

SEC.: Eu taba na casa. Enteréime al outro día.

## Primeiros pasos da Corporación

**El primeiro encontro da Corporación tuvo que ser mui emocionante...**

DIE.: Pos foi el día 19 de abril de 1979 y nun había muita xente nel salón de plenos. Lo primeiro foi

vernos as caras. Condo chegóu el momento de compoñer a mesa, alí tábamos nosoutros dous, Secundina como a máis antigua con 54 anos y eu como el máis novo, con 27. A reunión duróu úa hora. Primeiro presentamos as actas de conceyales y despós de ler todos os nomes, procedimos a votar alcalde. Había dúas opcióis, José Manuel Fraga por UCD ou Juan José Mediante Vares polos independentes. Con oito votos salíu Fraga y tuvo nel cargo ano y medio hasta a súa dimisión, momento nel qu'ocupa el posto José Manuel Peña.

**¿Cómo era el trabayo diario?**
DIE.: Había unidá cuase sempre, tanto en comisióis como en plenos.
SEC.: Ademáis nun defendíamos siglas.
DIE.: É qu'había úa pureza natural.

**¿Cuál foi el principal problema al que vos enfrentastes?**
DIE.: Pos a falta de cuartos. Trabayábamos con un presuposto anual de 25 millóis de pesetas y el funcionario que máis ganaba cobraba 30.000 pesetas.
SEC.: Había muitos deseos de fer y trabayar, peró el problema era a falta de cuartos.

**¿Qué considerades como lo máis positivo del voso mandato?**
DIE.: Lo máis relevante foi a traída de aguas dende Porcía a Tapia. Había úa escasez enorme d'augua y el embalse d'Orxales quedábase seco. Fixemos tamén muitas carreteras como a d'Ol a Mántaras, a primeira pista polideportiva, puxemos parte da luz pública...

**¿Y a xente taba contenta ou había muitas queixas?**
DIE.: Había bastantes queixas. Lo bon é que condo había algún problema iba toda a corporación hasta el sito, falar coa xente y ver el motivo da queixa. ¿Nun é verdá, Secundina?
SEC.: Si, peró a min tamén me ten vido a ver xente á casa pra pedirme cousas...
DIE.: Trabayábamos con muita ilusión, os resultaos finales nun foron de traca, peró tampouco tan malos...

## Úa etapa dura, peró positiva

**¿Qué sentimentos vos vein á cabeza recordando el voso papel naquela data hestórica?**
DIE.: Recórdolo con muito cariño.
SEC.: Foi úa esperiencia búa y ademáis tíamos muitos deseos de salir d'aquella dictadura. Había qu'ir mui atrás pra entender todo lo que sufrimos...

**¿Daquela sentistes medo en algún momento?**
DIE.: Non, naquel momento había búa voluntá na xente y deseos de cambio.



*A casa de Secundina, conocida como El Gueiteiro y escenario d'este encontro*

SEC.: Quizáis el problema foi qu'os que tían tanto afán de cambio, esqueicéuseyes axina...

**¿Cómo resumiríades a vosa participación naquela corporación?**
DIE.: Eu tuven mui cómodo y nun tuven ningún problema con naide, anque houbo as discusióis naturales, peró sempre civilizadas.
SEC.: Houbo días que vin decepcionada prá casa porque vía qu'el grupo voso taba mui unido y nosoutros tábamos desunidos. Nun quedéin contenta nese sentido porque nel meu grupo todos éramos d'esquerdas peró nun tábamos unidos.

**¿Cuál señalaríades como el momento máis difícil?**
DIE.: Condo nos tocóu decidir sobre se sacar ou non a carretera de Tapia. Penso que foi un acerto, peró naquel momento penséi que se nos enquivocábamos íbamos armala gorda. Ademáis fixímoslo condo outras localidades como L.luarca ou Navia xa tomaran a decisión contraria. Salín del Conceyo col alma partida por medo a cometer un error.
SEC.: El único qu'escribíu nel periódico pra felicitar al Conceyo por aquella decisión foi Manolo Galano. Dixo que Tapia nun tía por qué perder clientes se ofrecía bus precios. Y nun s'enquivocaba.

**¿Y el miyor momento?**
DIE.: Houbo muitos. Un día un paisano de Montevideo que polo visto nacera nel Viso, en Tapia, mandóunos ua carta preciosa falando del conceyo y

**A PRIMEIRA CORPORACIÓN**

Data: abril 1979
Númaro de residentes nel conceyo: 5.332
Censo electoral: 3.935
Número de votos válidos: 1.904
Listas presentadas:
1. UCD: 1.232 votos y 8 conceyales
2. Agrupación Independente: 681 votos y 5 conceyales

**Corporación:**

- D. José Manuel Fraga - Alcalde (UCD)
- D. José Manuel Peña - Primeiro Tenente Alcalde (UCD)
- D. Juan José Mediante - Segundo Tenente Alcalde (Grupo Independente)
- Dña. Mª del Carmen López - Terceira Tenente Alcalde (Grupo Independente)
- D. José Gayol - Conceyal (UCD)
- D. José López - Conceyal (UCD)
- D. Sergio Pérez - Conceyal (UCD)
- D. Diego Fernández - Conceyal (UCD)
- D. Fernando Arias - Conceyal (UCD)
- Dña. Secundina García - Conceyala (GI)
- D. Justo Feliciano Fernández - Conceyal (GI)
- D. José María López - Conceyal (GI)

firmábala poñendo «el bolito de Tapia nel Uruguay». Na carta pedía postales de Tapia, así qu'eu compréin todos os modelos qu'había y, emocionao, contestéiye á súa carta nombrándolo *Abolo de Tapia nel Uruguay*. Condo s'enteraron nel Conceyo botáronme úa bronca porque eu nun tía poder pra dar ese título. Total que pasóu el tempo y volvéu a escribir el bon del home y mandóunos un montón de recortes de periódicos uruguayos unde se resaltaba el nombramento. Foi úa anéctoda simpática.

SEC.: Pra min, ún dos miyores momentos eran os acordos nel Conceyo, esa sensación de servir á xente.

**¿Qué ye diríades á xeneración da democracia, a os que naceron coa libertá y pra os que todo esto queda mui lonxe?**

DIE.: Pos que de vez en condo hai que mirar pr'atrás y aprender dos pasos dos demáis, anque se teña a vista posta nel futuro.

**Y nestos cuase 28 anos ¿en qué cambióu a política?**

DIE.: Pos houbo un cambio radical. Eu boto muito de menos qu'en cuestióis de muita importancia os grupos municipales nun señan tapiegos por encima de todo. É qu'eu nun teño ideoloxía condo se trata de Tapia. Tapia é a mía patria. Os Conceyos pasaron de nun ter cuartos a telos hasta pra pagar un xornal a os conceyales.

SEC.: Eu valoro máis a os que nun cobrábamos.

DIE.: Nese aspecto daquela foi brillante. Recordo un día que Peña propuxo qu'eu tuvera liberao y que cobrase 20.000 pesetas y neguéinme porque me parecía vergonzoso y nun era que nun me fixeran falta os cuartos...

SEC.: Peró ás veces é miyor pasar pol mundo fendo de bobo que pasarte de listo.

**¿Qué pensades agora condo aparecen noticias referentes a casos de corrupción en Conceyos?**

DIE.: É chamadeiro: antias nun había esa posibilidá. A profesionalización da política trai estas cousas.

SEC.: A min cabréame porque hai xente que vai á política a vivir y antias íbamos con honradez. Tamén antias desconocíamos lo que era un Conceyo. Pensábamos qu'era el culpable de todo y el que tía que trabayar prá xente, peró desde fóra é úa cousa y, desde dentro, outra.

**¿Volveríades presentarvos?**

DIE.: A min volveron chamarme máis veces y dixen que non. Y eso que nun salín escaldao... Nun recordo nada con rencor, anque houbo momentos nos que nun se me tratóu dignamente, peró recordo aquela etapa con cariño.

SEC. Eu sigo presentándome, ahora col PSOE, peró nos últimos postos da lista.



*Secundina, a punto de cumprir 82 anos, sigue sendo úa muyer activa y trabayadora que sigue presentándose nas listas del PSOE pol Conceyo tapiego*

A tarde foi cayendo pouco a pouco en Ca el Gueiteiro mentras os nosos protagonistas s'enredaban nun debate político actual sobre lo miyor pral futuro d'un conceyo al qu'os dous queren con tolura. Dende distintas posicióis políticas, peró sempre sin perder el amistá y un tono de complicidá, Secundina y Diego foron testigos y protagonistas claves d'un momento máxico, d'un tempo que pra sempre ha ocupar un sito importante na súa memoria.



El sito da entrevista foi Ca el Gueiteiro, na Roda (Tapia), a casa unde casóu Secundina hai muitos anos. El hora da entrevista, despós de xantar. Condo chegamos a Ca el Gueiteiro, recíbennos Secundina y un montón d'animales soltos pola corrada. Viste de diario, polo azul marín de manga curtia, calzóis de xandal del mesmo color y zapatiyas naranxa sin calcetos y calzadas de chancleta.

Secundina ten el pelo cano y leva gafas claras con ariyos douraos. Espida d'alaxas, sin ningún abalorio qu'adorne os sous, polo demáis, espléndidos 81 anos. A lo longo de toda a entrevista acostuma a tar coas pernas algo esparradas y as maos cruzadas, úas maos que descruza y move condo s'acalora ou esplica.

É úa muyer lamar d'especial, luitadora y progresista, capaz de defender y protestar nus tempos nos qu'era difícil manifestar ideas sociales, diferentes das oficiales. Pos ela, sempre col beneplácito del sou home, que la equilibraba y aconseyaba, fíxolo a miudo, espoñéndose a problemas y a críticas. Con «pouca cultura», como dice ela, pos foi á escola pouco, participóu decididamente en sindicatos y movementos sociales mal vistos pol poder d'aquela época escura. Y agora, en democracia, sigue defendendo as súas ideas, socialdemócratas, y participando en todos os eventos culturales, sociales y políticos da comarca y, por suposto, de Tapia.

Diego chegóu un pouco máis tarde al punto de reunión. Vén el noso protagonista mudao, camisa de cuadros azules, calzóis grises azulaos, calcetos mouros y zapatos del mesmo color. Un reló cos númaros grandes y correa de peleyo marrón na muñeca esquerda. Gafas de sol escuras con ariyos cardoxos como el color del sou pelo. Un estuche d'antioyos escuro asomando nel bolso esquerdo da camisa. Na mao dereta dispón d'un bolígrafo pequeno que move al tempo que s'esplica. Ben afeitao, col pelo curtio y peñao coa raya á esquerda. Cruza as pernas aporondando a dereta derriba da esquerda y a lo longo da entrevista descrúzala a miudo condo quer intervir ou ta celergoso. Move muito as maos, peró lentamente, al tempo que s'esplica.

Diego é un home bon en todo el sentido da palabra. Investigador apasionao de todos os temas que tein que ver con Tapia, á que describe como a súa «patria». El programa en Radio-Reló de Tapia, *Un feixe de cousas*, valíuye de marco pra espresar as súas inquietudes. Lougo virían, entre outras colaboracióis, os libros *Tapia en el recuerdo,1860-1960*, feito d'emparzao con José Manuel Acevedo y Luis García, ou os tres libros que conforman *Historia de Tapia a través de sus calles*, feito coa colaboración de Camilo López. Peró Diego sigue investigando: bibliotecas, archivos municipales ou parroquiales y todos aquelos sitos unde poda sacar datos que teñan como protagonista á súa Tapia del alma y ultimamente al sou Veiga d'adopción, é unde hedes poder atopar a este tapiego tan especial.

Despós dos saludos de rigor y de falar entre todos pola corrada de Ca el Gueiteiro, sentámonos y empezamos a entrevista. Os nosos protagonistas sentáronse nun banco de ferro, na fachada principal da casa, úa fachada que dá al sur y que naquelos momentos recibía a calor del sol. Empezamos a nosa entrevista núa tarde temprada de novembre, cuase calente, con Secundina y Diego en mangas de camisa y rematámosla, tres horas despós, condo a tarde esfrecía y empezamos a necesitar poñer máis roupa.